



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 392
7 de outubro de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

■ Lei de áreas empresariais de Galicia

[153394](#)

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 34474 (11/PPL-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia

[153539](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

■ 42077 (11/MOC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40146, publicada no BOPG núm. 379, do 14 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

[153539](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 42036 (11/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre o servizo de transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40049, publicada no BOPG núm. 383, do 22 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

[153540](#)

■ 42037 (11/MOC-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia



Sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40462, publicada no BOPG núm. 383, do 22 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022) [153540](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3. 6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

I 36257 (11/PNP-003237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a solicitude que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dun PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma [153540](#)

I 41603 (11/PNP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución [153541](#)

I 41720 (11/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia [153541](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 36955 (11/PNP-003309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento [153545](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 37488 (11/PNP-003336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous máis



Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga [153546](#)

I 32630 (11/PNP-003381)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular de rehabilitación dos dereitos do persoal do Servizo Galego de Saúde suspendidos pola Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos de Galicia, para o exercicio 2010 [153546](#)

I 40963 (11/PNP-003471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso [153546](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 39852 (11/PNC-003523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central para facilitar a obtención de certificados de titularidade das contas, saldos e posicións bancarias dunha persoa falecida, coas cautelas que exixa a lexislación vixente; en especial, en materia de protección de datos [153547](#)

I 39890 (11/PNC-003531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a colaboración e cooperación que debe manter a Xunta de Galicia coas asociacións que tratan os problemas de adicción ao xogo apoiando a realización de actividades e campañas informativas [153547](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 41087 (11/PNC-003596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do dereito das deputadas e dos deputados a obter información e documentación da Xunta de Galicia [153548](#)

I 41268 (11/PNC-003618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia da Estratexia atlántica galega en relación con Portugal

[153548](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Resolución do 26 de setembro de 2022, da valedora do pobo, para a tramitación dos expedientes de contratación polo procedemento simplificado con tramitación abreviada, sen constitución de mesa de contratación

[153548](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

Lei de áreas empresariais de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 27 de setembro de 2022, aprobou, por 54 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención, a Lei de áreas empresariais de Galicia

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Lei de áreas empresariais de Galicia

Exposición de motivos

I

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no artigo 27.3 do seu Estatuto de autonomía, ten atribuídas competencias exclusivas en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. Así mesmo, o artigo 30.1 do Estatuto atribúelle no seu número un competencias sobre o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia. Ambos os dous títulos competenciais conflúen na regulación do solo empresarial, no entendemento de que a dispoñibilidade deste é un dos factores determinantes do desenvolvemento económico nos sectores secundario e terciario, polo que corresponde ao lexislador autonómico establecer un marco normativo adecuado para a planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico, o fomento do acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica e a xestión e a conservación das áreas empresariais de Galicia.

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, creou as figuras dos plans e proxectos sectoriais como instrumentos de ordenación do territorio destinados a ordenar a implantación de actividades empresariais que, pola súa especial relevancia, resulten de interese autonómico, ao transcenderen o interese municipal. Con este obxectivo, prevía a posibilidade de desenvolver ámbitos de solo co fin de satisfacer a demanda de solo urbanizado para este tipo de actividades, á marxe dos instrumentos de ordenación urbanística de competencia municipal. Así, con base no disposto nesta lei, aprobáronse determinados plans sectoriais de ordenación de áreas empresariais, o último dos cales é o vixente Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado definitivamente polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de abril de 2014.

Posteriormente, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, levou a cabo a través do seu título I unha primeira regulación específica do réxime xurídico do solo empresarial na comunidade autónoma, co obxectivo de racionalizar a súa



oferta e axilizar o seu desenvolvemento, facilitar o acceso a aquel dos operadores económicos e dotar dun marco normativo mínimo a xestión das áreas empresariais. A presente lei parte da consideración de que a xeración de solo empresarial convenientemente urbanizado e a un custo razoable, que permita a implantación de actividades empresariais vinculadas ás actividades do sector secundario e terciario, constitúe un elemento esencial para impulsar o desenvolvemento empresarial e garantir o progreso socioeconómico de Galicia.

O convencemento de que as características especiais do desenvolvemento do solo empresarial como operación de transformación urbanística exigen un tratamento diferenciado determinou que se inclúsen na Lei 5/2017, do 19 de outubro, determinadas medidas específicas aplicables aos plans e proxectos sectoriais regulados pola Lei 10/1995, do 23 de novembro. Estas medidas ían encamiñadas fundamentalmente a flexibilizar a planificación do desenvolvemento dos ámbitos recollidos no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, acompañando a execución da ordenación ás necesidades reais de solo. Así mesmo, clarificábanse determinadas cuestións relativas á execución dos plans que, por remitirse ao disposto na lexislación urbanística ordinaria, non encaixaban co desenvolvemento duns ámbitos de marcado carácter supramunicipal.

A nova Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que substitúe a de 1995, reformou as determinacións relativas aos plans sectoriais e as relativas aos proxectos sectoriais, que pasan a denominarse proxectos de interese autonómico. A lei recoñece as características especiais das operacións de desenvolvemento urbanístico de solo empresarial reguladas polos plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico das áreas empresariais, remitindo a súa regulación ás disposicións recollidas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, e, no non disposto por esta, á propia Lei de ordenación do territorio.

II

Tendo en conta a experiencia da aplicación do título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, así como o novo réxime xurídico dos instrumentos de ordenación do territorio establecido pola citada Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, cómpre dotar dunha regulación máis completa as áreas empresariais, que combine o respecto ao principio do desenvolvemento territorial sustentable co fomento da actividade económica na comunidade autónoma.

No que atinxe á planificación e ordenación das actuacións, esta lei busca facilitar o desenvolvemento estratéxico das actuacións de solo empresarial que afecten de forma global as políticas públicas de apoio e impulso dos sectores secundario e terciario. Para iso, a lei establece uns mecanismos específicos para os instrumentos de planificación e control daquelas actuacións que se poidan considerar de especial relevancia para o desenvolvemento da política económica e de fomento da implantación de iniciativas empresariais na comunidade autónoma.

Así, sen afectar os principios básicos das técnicas de ordenación recollidas na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, preténdese avanzar no camiño aberto pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, no relativo á flexibilidade na programación das actuacións, e regular de forma máis pormenorizada as determinacións sobre a execución da planificación, afrontándose, en particular, os problemas que poida supoñer para os municipios a implantación e recepción dunha urbanización planificada e executada



por unha administración diferente. A lei tamén pretende incidir no réxime de conservación e mantemento das urbanizacións unha vez que as áreas empresariais entran en servizo.

A lei trata de superar a rixidez habitual dos procesos de planificación, establecendo mecanismos que permitan adaptar a ordenación ás necesidades de implantación das distintas actividades empresariais en función das necesidades do momento. Estes mecanismos, concretados fundamentalmente nas determinacións dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial e na creación dos proxectos de desenvolvemento e urbanización, non soamente permiten dotar estes instrumentos dunha flexibilidade da que carecen os tradicionais instrumentos de planeamento, senón tamén reducir os tempos de tramitación e execución, ao evitar redundancias e distorsións na emisión dos informes sectoriais, e simplificar a tramitación ambiental, sen menoscabo das garantías que achegan os devanditos trámites.

Esa flexibilización, dirixida a adaptar a oferta de solo ás necesidades das empresas, unida á axilización dos trámites de aprobación dos instrumentos necesarios para a súa implantación, constitúen requisitos esenciais co fin de evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para aproveitar as novas oportunidades de desenvolvemento empresarial.

É un feito que o desenvolvemento do solo empresarial urbanizado require duns tempos excesivos de tramitación e execución, os cales entran en conflito coa fixación polos instrumentos de planeamento dunhas determinacións ríxidas e inamovibles, establecidas nas primeiras fases do proceso de planificación para dar resposta a unhas necesidades que se pretenden inmutables ao longo do tempo. Á vista desta realidade, a lei asume a imposibilidade de predicir o futuro e opta pola resiliencia, entendida como a capacidade de adaptación para aproveitar as oportunidades de impulso das políticas económicas e sociais que poidan xurdir ao longo do tempo.

No relativo á planificación e ordenación do territorio, as singularidades que a lei establece para a ordenación das áreas empresariais quedan limitadas ás actuacións promovidas polas administracións públicas ou polas entidades do sector público dependentes delas. Este tipo de actuacións de especial relevancia para a política económica e de fomento da implantación de iniciativas empresariais na comunidade autónoma require a utilización de fondos públicos, porque, malia resultaren esenciais para o desenvolvemento e o equilibrio socioeconómico de Galicia, non son capaces de xerar por si mesmas uns beneficios que sexan atractivos para que a iniciativa privada as desenvolva. Trátase, en definitiva, de actuacións cuxa programación e desenvolvemento quedan vinculados ao interese público e á execución da política económica e de fomento da implantación de iniciativas empresariais na comunidade autónoma.

Aqueloutras actuacións que, aínda resultando de interese autonómico, vaian ser desenvoltas pola iniciativa privada ou teñan un carácter individualizado e non dean lugar á creación de novas áreas empresariais non requiren da aplicación dos mecanismos de flexibilidade vinculados ao interese público establecidos por esta lei, por careceren das características singulares das actuacións antes descritas.

Por conseguinte, a ordenación e a execución dos ámbitos de solo empresarial que requiran actuacións de transformación urbanística quedan configuradas da seguinte forma:



As áreas empresariais de interese autonómico que resulten de especial relevancia para a política económica e de fomento da implantación de iniciativas empresariais na comunidade autónoma, e que por iso son promovidas por unha administración pública ou por outra entidade do sector público, serán desenvolvidas mediante os instrumentos de planeamento e execución recollidos nesta lei.

As áreas empresariais de interese autonómico promovidas por unha persoa privada serán desenvolvidas mediante os instrumentos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.

As actuacións individualizadas de interese autonómico reguladas pola lexislación sectorial en materia de política industrial que requiran operacións de transformación urbanística para a creación de solo empresarial pero non supoñan a implantación de novas áreas empresariais desenvolveranse mediante os instrumentos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os ámbitos de solo empresarial que non estean declarados de interese autonómico desenvolveranse mediante os instrumentos de planeamento urbanístico recollidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Teñen a consideración de áreas empresariais de interese autonómico as incluídas no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia e aquelas outras que poidan ser incluídas nel segundo o disposto nesta lei. Trátase dos ámbitos de solo empresarial de carácter supramunicipal que a Comunidade Autónoma considera necesario desenvolver mediante instrumentos de ordenación do territorio. Dentro deles, serán promovidos por unha administración pública ou entidade do sector público dependente dela aqueles que resulten necesarios para desenvolver a medio e longo prazo a política económica e de implantación de iniciativas empresariais da Comunidade Autónoma.

Sen prexuízo do anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades instrumentais tamén poden planificar actuacións individualizadas de interese autonómico que requiran operacións de transformación urbanística para a creación de solo empresarial, no marco do disposto pola lexislación sectorial en materia de política industrial, sen que isto supoña a implantación dunha nova área empresarial. En tal caso, serán aplicables os instrumentos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Finalmente, os concellos poden, no exercicio das súas competencias, prever o desenvolvemento de solo empresarial mediante a delimitación de sectores de solo urbanizable destinado a usos do sector secundario ou terciario, malia que estes ámbitos non estean incluídos no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

A lei consta de noventa e seis artigos, estruturados en seis títulos, once disposicións adicionais, cinco transitorias, unha derogatoria e oito derradeiras.

III

O título I ocúpase das disposicións xerais, nas que, ademais de definirse o obxecto xeral da lei, se delimita con precisión o seu ámbito de aplicación. Así, esta lei aplícase con carácter xeral ás áreas empresariais de interese autonómico promovidas ao abeiro dos instrumentos sectoriais de orde-



nación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, aínda que as súas previsións relativas á xestión e conservación das áreas empresariais aplícanse tamén ás demais áreas empresariais, de promoción pública ou privada, situadas no territorio da Comunidade Autónoma.

Dentro deste título recóllense as definicións de solo empresarial e de área empresarial que se introduciron no artigo 3 *bis* da Lei 5/2017, do 19 de outubro, coa finalidade de contar no ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma cuns conceptos unificados daqueles, así como os principios inspiradores da regulación das áreas empresariais galegas: desenvolvemento territorial sustentable, equilibrio territorial e incorporación das perspectivas demográfica e de xénero á planificación e ordenación das áreas empresariais; racionalización da oferta de solo empresarial, a través do axeitado desenvolvemento e execución das áreas empresariais; facilitación do acceso ao solo empresarial por parte das iniciativas empresariais que o demanden; calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais; e responsabilidade na xestión e conservación das áreas empresariais.

Finalmente, o título I remata coa regulación do Censo de solo empresarial de Galicia, que fora creado pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, e se configura como un rexistro público de natureza administrativa que ten por obxecto o coñecemento preciso do grao de ocupación das áreas empresariais existentes en Galicia, coa finalidade de servir como instrumento de avaliación, planificación e concreción das necesidades de solo empresarial na comunidade autónoma.

IV

O título II regula a planificación e a ordenación das áreas empresariais en tres capítulos. No capítulo I determínase que a planificación e a ordenación das áreas empresariais de interese autonómico serán obxecto dunha planificación sectorial pola Comunidade Autónoma, mentres que as demais actuacións de solo empresarial se planificarán a través dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, de acordo coa normativa vixente nestas materias.

Así mesmo, recóllese a clasificación das áreas empresariais de interese autonómico, segundo a súa incidencia no territorio, en áreas de carácter estratéxico, supracomarcais e comarcais, e os instrumentos de planificación e ordenación destas, que son o Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias de Galicia e, en desenvolvemento deste, os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial, para as actuacións de promoción pública, e os instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, para as actuacións de promoción privada.

No eido da cooperación interadministrativa, este capítulo I do título II regula as relacións de cooperación entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. e os concellos para facilitar o desenvolvemento de solo empresarial. Prevese expresamente que os convenios celebrados con este obxecto poderán ter unha duración de ata dez anos, prorrogables por outros dez máis, debido a que a duración máxima dos convenios interadministrativos establecida no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, resulta demasiado reducida se se toma en consideración a complexidade das operacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións de solo empresarial previstas nesta lei.



A regulación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias de Galicia está contida no capítulo II do título II, estruturado en catro seccións. A sección 1ª trata da definición e contido do plan, que inclúe o seu obxecto e finalidade, as súas determinacións e a documentación que preceptivamente debe incluír. A sección 2ª recolle o procedemento de aprobación, que integra o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria ao que preceptivamente se debe someter, consonte a lexislación de avaliación ambiental, facéndose así mesmo remisión ás disposicións que resulten aplicables dos capítulos I e II do título III da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia. A sección 3ª regula a eficacia do plan, en termos coherentes coa regulación da eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio contida na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro. Para rematar, a sección 4ª —derradeira sección do capítulo— ocúpase das modificacións do plan, distinguindo entre as substanciais e as non substanciais, segundo o réxime de avaliación ambiental estratéxica ao que se deben someter. Así, as modificacións de carácter substancial, que son as suxeitas a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, teñen que tramitarse polo mesmo procedemento previsto para a aprobación do plan, mentres que as non substanciais, suxeitas a avaliación ambiental estratéxica simplificada, se tramitan polo procedemento recollido no artigo 28, que integra o desta última.

Os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial defínense na sección 1ª do capítulo III deste título II como instrumentos de ordenación do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para planificar e ordenar as actuacións de creación de solo empresarial. Neste sentido, desenvolven as actuacións de solo empresarial previstas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia cando as devanditas actuacións sexan de promoción pública, sen prexuízo de que tamén se poidan utilizar para planificar e ordenar actuacións de solo empresarial non previstas naquel nos casos previstos expresamente na lei (actuacións para a implantación de áreas empresariais estratéxicas ou para a creación de áreas empresariais coa finalidade de relocalizar actividades industriais existentes en lugares inadecuados). Porén, nestes últimos casos os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial só poden ser promovidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polas entidades instrumentais do sector público autonómico, ben de xeito exclusivo, ben conxuntamente con outras administracións ou entidades do sector público.

O contido dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial régulase na sección 2ª do capítulo e cómpre salientar dúas importantes previsións dirixidas a axilizar o seu desenvolvemento e execución: por unha banda, recóllese a posibilidade de que inclúan, como determinacións de eficacia diferida, as condicións, os límites e a marxe de variación das súas determinacións non estruturantes polos instrumentos de desenvolvemento e execución regulados no título III, de xeito que os posibles efectos sobre o medio ambiente e as afeccións sectoriais que produzan poidan ser analizados na tramitación do propio plan estruturante de ordenación do solo empresarial; por outra banda, permítese que os instrumentos de desenvolvemento e execución poidan incorporarse como anexos aos propios plans estruturantes de ordenación do solo empresarial, para a súa tramitación e aprobación conxunta, sen prexuízo de que manteñan o seu carácter de instrumentos independentes e, polo tanto, poidan modificarse sen que isto exixa a modificación do plan que desenvolven.

A sección 3ª ocúpase do procedemento de aprobación dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial; neste caso, distínguese segundo o réxime de avaliación ambiental estratéxica



aplicable, de xeito que, cando é a ordinaria, se fai remisión ao procedemento previsto para a aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia e, cando é a simplificada, se regula un procedemento propio que tamén integra a tramitación ambiental. Prevese igualmente a posibilidade de que o Consello da Xunta de Galicia acorde a tramitación de urxencia, pola cal se reducen os prazos á metade.

Á eficacia dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial dedícase a sección 4ª do capítulo, que os dota tanto dos efectos propios dos instrumentos de ordenación do territorio, entre eles a prevalencia sobre a ordenación urbanística de competencia municipal, como dos dos instrumentos de planeamento urbanístico, na medida en que planifican e ordenan actuacións de transformación urbanística do solo. No relativo ás cesións urbanísticas, a lei unifica o réxime de aproveitamento urbanístico en actuacións promovidas polas entidades do sector público, eliminando a discrepancia no tratamento entre o solo urbano e urbanizable que establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Neste sentido, prevese que o aproveitamento urbanístico nas actuacións que regula será do 100 %.

Finalmente, regúlase a vixencia dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial e, na sección 5ª, a súa modificación, para a que se seguen os mesmos criterios que no caso do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

V

O título III regula, en seis capítulos, o desenvolvemento e a execución das áreas empresariais de interese autonómico de promoción pública, posto que o daquelas de promoción privada se leva a cabo a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio. No capítulo I enúmense os instrumentos que se poden utilizar para ese desenvolvemento e execución, que son os proxectos de delimitación de fases de urbanización, os proxectos de desenvolvemento e urbanización, os proxectos de urbanización, os proxectos de parcelamento e os estudos de detalle. Establécese tamén cales deses instrumentos teñen carácter preceptivo para o desenvolvemento e a execución das determinacións dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial: un proxecto de desenvolvemento e urbanización, no caso de que o plan non conteña a ordenación detallada ou complementaria necesaria para a súa execución, e un proxecto de urbanización nos demais casos.

Así mesmo, recóllese o réxime xeral de formulación, tramitación, aprobación e modificación dos instrumentos de desenvolvemento e execución. Cabe salientar que a súa tramitación e aprobación independente, nos supostos en que non se incorporan como anexos a un plan estruturante de ordenación do solo empresarial, corresponderá ben ao concello correspondente, cando a persoa promotora sexa unha entidade do sector público local e a actuación non afecte máis dun termo municipal, ben ao Instituto Galego da Vivenda e Solo nos demais casos, respectándose deste xeito o ámbito de autonomía e competencias dos municipios.

Os seguintes capítulos regulan separadamente cada un dos instrumentos de desenvolvemento e execución.

Os proxectos de delimitación de fases de urbanización, xa previstos na Lei 5/2017, do 19 de outubro, teñen por obxecto delimitar as fases de execución dunha área empresarial, co fin de axustar a devandita execución á demanda de solo existente, nos supostos en que así se entenda conveniente.



Pola súa banda, os proxectos de desenvolvemento e urbanización e os proxectos de urbanización, como xa se dixo, son os instrumentos de desenvolvemento e execución das determinacións dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial, diferenciándose en que os primeiros están previstos para os casos en que os plans non conteñen a ordenación detallada das actuacións que prevén, mentres que os segundos presupoñen a existencia desa ordenación detallada, ao trátarse de proxectos de obras que teñen por obxecto executar os servizos e as dotacións daqueles.

Os proxectos de desenvolvemento e urbanización constan de dous documentos básicos: o primeiro recolle as determinacións de ordenación que se modifican; o segundo inclúe o proxecto de urbanización correspondente ao seu ámbito de actuación. Para axilizar a súa tramitación, os proxectos de desenvolvemento e urbanización poden incorporar como anexos independentes, pero tramitados conxuntamente con el, o proxecto de delimitación de fases de urbanización, o proxecto de parcelamento do ámbito e un ou varios estudos de detalle dalgunha zona ou zonas do ámbito. A modificación dos documentos incorporados como anexos non require a modificación do proxecto de desenvolvemento e urbanización.

Aínda que os proxectos de desenvolvemento e urbanización inclúen determinacións que, tecnicamente, teñen un contido de planificación urbanística, por tratarse de modificacións previstas na avaliación e tramitación do plan estruturante de ordenación do solo empresarial que desenvolven, non precisan dunha nova avaliación ambiental estratéxica, nova exposición pública ou emisión de novos informes sectoriais relativos á ordenación que se altera, sen prexuízo da tramitación específica a que ten que someterse a súa aprobación e que é a mesma prevista para os proxectos de urbanización.

Os proxectos de parcelamento teñen por obxecto posibilitar o parcelamento dunha ou varias fases dunha área empresarial ou do ámbito de solo empresarial de que se trate, mediante a segregación ou división de terreos, logo da súa agrupación, de ser o caso, co fin de facilitar os ámbitos de utilización propia do solo empresarial.

Por último, os estudos de detalle, como o instrumento urbanístico coa mesma denominación, teñen por obxecto completar ou reaxustar aliñacións e rasantes, así como ordenar volumes.

VI

Rematada a regulación da planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico, o título IV da lei ocúpase do acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica. Esta parte do articulado recolle e completa as medidas que xa se introduciran no capítulo II do título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, incidindo sobre todo na regulación dos proxectos empresariais singulares e da adxudicación directa de solo para o seu desenvolvemento, así como na flexibilización dos medios de pagamento do solo empresarial de titularidade autonómica.

VII

Especialmente novidoso é o título V da lei, relativo á xestión e á conservación das áreas empresariais, e que se aplica, como xa se dixo, a todas elas, con independencia de que estean cualificadas ou non como de interese autonómico e de se son de iniciativa pública ou privada. Partindo das primeiras medidas lexislativas introducidas para dar resposta ás inquiredanzas das persoas titulares



de solo nas devanditas áreas no capítulo III do título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, este título desenvolve o réxime xurídico da xestión e conservación daquelas dunha maneira máis completa e acabada.

O capítulo I define o réxime xurídico xeral da conservación e do mantemento da urbanización e recolle as previsións relativas á prestación de servizos nas áreas empresariais a través de entidades de tipo asociativo, así como aos convenios para a mellora de infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos nas áreas empresariais. Tamén aquí se prevé que a duración destes convenios poderá chegar ata dez anos, prorrogables por outros dez máis, porque a duración máxima establecida no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, semella demasiado reducida para o desenvolvemento de actuacións de mellora de infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos nas áreas empresariais.

O capítulo II regula as especificidades das entidades de conservación nas áreas empresariais, que se refiren, en concreto, ás entidades urbanísticas de conservación de áreas empresariais creadas por solicitude dos concellos que carezan de recursos suficientes para o mantemento da urbanización, por un prazo máximo de cinco anos, e ás entidades de conservación, xestión e modernización de áreas empresariais. Estas últimas poden constituírse por iniciativa das persoas propietarias de solo nas áreas empresariais, aínda no caso de que non estean previstas no planeamento de aplicación, coa finalidade de que aquelas participen na conservación, mantemento, xestión e modernización das infraestruturas, equipamentos e servizos incluídos no ámbito correspondente. Na súa regulación ten gran relevancia a previsión dos recursos económicos cos que van contar e, en particular, das achegas dos seus membros e da contribución dos concellos aos gastos de conservación de infraestruturas, equipamentos e dotacións de titularidade municipal.

VIII

O título VI —derradeiro da lei— recolle as disposicións sancionadoras e coercitivas necesarias para garantir a efectividade da obriga de inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas empresariais previstas para o seu inmediato desenvolvemento, disposicións que estaban previstas no capítulo V do título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro.

IX

A lei inclúe once disposicións adicionais, que se ocupan de diversas cuestións relacionadas cos seus contidos principais. Así, a disposición adicional primeira habilita os concellos para utilizar calquera dos sistemas de actuación previstos na lexislación urbanística para a execución de áreas empresariais de promoción municipal; a segunda exixe as obras e instalacións públicas definidas detalladamente nos instrumentos de planificación, ordenación, desenvolvemento e execución regulados nesta lei da licenza urbanística e dos demais títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal, por seren consideradas de marcado carácter territorial; a terceira regula os requisitos e as condicións para a execución simultánea das obras de urbanización e edificación derivadas dos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial; a cuarta exixe da necesidade de declaración de interese autonómico as ampliacións das áreas empresariais existentes, ordena-



das mediante un plan estruturante de ordenación do solo empresarial ou un proxecto sectorial aprobado ao abeiro da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, por entenderse, para efectos da súa tramitación, como modificación do plan ou proxecto que desenvolveu a ordenación do ámbito orixinal; a quinta regula a compatibilidade de usos nas áreas empresariais; a sexta faculta para que os instrumentos de desenvolvemento previstos na lei poidan utilizarse para a reforma ou a renovación da urbanización das áreas empresariais de promoción pública reguladas nesta lei, de acordo co establecido na lexislación urbanística e de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas; a sétima remite a disciplina dos proxectos industriais estratégicos ao vixente texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, ou norma que o substitúa; a oitava recoñécelle á sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e a posibilidade de que se lle adxudiquen directamente a formulación e a execución dos instrumentos de planificación, ordenación, desenvolvemento e execución de áreas empresariais reguladas nesta lei, proxectos de interese autonómico, plans parciais e, en xeral, calquera instrumento de ordenación, así como a xestión dos seus patrimonios de solo, mediante os convenios ou as concesións que, para tal efecto, se establezan coas administracións correspondentes; a novena permite aplicar os mecanismos previstos nos artigos 74 e 77 ao solo empresarial de titularidade da entidade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.; a décima dedícase á incorporación da perspectiva de xénero na información estatística; e a décimo primeira, á colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma e a Federación Galega de Municipios e Provincias na iniciativa galega de concellos emprendedores.

Mediante as dúas primeiras disposicións transitorias régúlase o réxime de aplicación á modificación dos proxectos sectoriais e proxectos de interese autonómico aprobados con anterioridade á entrada en vigor da lei e á tramitación dos instrumentos de ordenación e dos instrumentos de desenvolvemento e execución dos ámbitos recollidos no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia vixente e dos ámbitos correspondentes aos proxectos sectoriais e proxectos de interese autonómico aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

As disposicións transitorias terceira e cuarta dedícanse á xestión e á conservación das áreas empresariais existentes e aos prazos máximos de duración dos convenios vixentes de cooperación entre administracións públicas para o desenvolvemento do solo empresarial.

No que atinxe á primeira cuestión, prevese que a nova lei se aplicará integramente á xestión e á conservación das áreas empresariais que non finalizasen o trámite de información pública do seu instrumento de ordenación no momento da entrada en vigor daquela. En cambio, nos casos en que estea finalizado o devandito trámite non serán aplicables as previsións da sección 1ª do capítulo II, posto que o artigo 81.2 da lei establece que a partir dese momento procedemental os concellos xa non poden solicitar que se inclúa no instrumento a obriga de constitución dunha entidade urbanística de conservación. Igualmente, o título V, agás o previsto na devandita sección 1ª do capítulo II, será aplicable a aqueles asentamentos industriais xurdidos á marxe do planeamento urbanístico aos que se refire a disposición transitoria sétima da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, desde o momento en que se proceda á súa regularización de acordo co establecido na devandita disposición transitoria. Por último, régúlanse os prazos máximos de duración dos convenios de cooperación entre administracións públicas para o desenvolvemento de solo empresarial que estean en vigor no momento da entrada en vigor da lei. Finalmente, a disposición transitoria quinta



refírese aos concellos que teñan a condición de emprendedores no momento da entrada en vigor desta lei.

A lei complétase coa derogación expresa da regulación do solo empresarial contida no artigo 3 *bis* e o título I da Lei 5/2017, do 19 de outubro, e coa inclusión de oito disposicións derradeiras. A primeira contén a modificación do número 1 da disposición adicional quinta da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia; a segunda modifica a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, introducindo a regulación dos concellos emprendedores; a terceira modifica o Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial; a cuarta modifica a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia; a quinta fixa un prazo máximo para que a consellaría competente en materia de solo empresarial aprobe uns estatutos modelo para as entidades de conservación, xestión e modernización; por último, introdúcense as disposicións de habilitación ao Consello da Xunta de Galicia para a actualización das contías das sancións que se prevén e tamén para o desenvolvemento regulamentario e mais a de determinación do réxime de entrada en vigor.

X

Esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral, coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como exige o principio de transparencia.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto regular a planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico, o Censo de solo empresarial de Galicia, o fomento do acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica e a xestión e a conservación das áreas empresariais de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. As previsións desta lei aplícanse ás áreas empresariais de interese autonómico promovidas ao abeiro dos instrumentos sectoriais de ordenación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As previsións desta lei relativas á xestión e á conservación das áreas empresariais aplícanse tamén ás demais áreas empresariais, de promoción pública ou privada, situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 3. *Definicións*

1. Enténdese por solo empresarial o solo destinado maioritariamente por un instrumento de ordenación territorial ou urbanística aos usos produtivos do sector secundario ou terciario.

2. Enténdese por área empresarial unha superficie delimitada de solo constituído por un conxunto de parcelas, urbanizadas conforme a lexislación urbanística ou de ordenación do territorio, susceptibles de comercialización independente e cun destino principal que é a implantación de instalacións nas cales desenvolver usos e actividades económicas predominantes correspondentes aos sectores secundario ou terciario.

3. As áreas empresariais de interese autonómico son aquelas actuacións dirixidas á creación de solo empresarial que se declaran formalmente como tales e se planifican e proxectan nos instrumentos previstos nesta lei, por transcenderen o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica ou social ou pola súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado. Para a declaración de interese autonómico destas actuacións teranse en conta, en particular, a súa función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica, a súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política sectorial autonómica de creación de solo empresarial ou que a declaración de interese autonómico é necesaria para garantir a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes ou a súa adaptación ao contorno no que se localicen.

A declaración de interese autonómico deberá vir xustificada no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia ou, nos casos previstos no artigo 31, nos correspondentes plans estruturantes de ordenación do solo empresarial.

Artigo 4. *Principios*

A regulación das áreas empresariais de Galicia recollida nesta lei réxese polos seguintes principios:

a) Desenvolvemento territorial sustentable, equilibrio territorial, coherencia coa estrutura urbana e territorial, diversificación de usos, integración paisaxística e incorporación das perspectivas demográfica e de xénero á planificación, ordenación, desenvolvemento, execución e conservación previstas na lei. En concreto, a incorporación da perspectiva de xénero afectará o desenvolvemento de todas aquelas medidas que afecten a mobilidade e o transporte público e a definición e o establecemento das infraestruturas viarias, así como de equipamentos e dotacións destinados aos servizos de coidados.

b) Incorporación de criterios de sustentabilidade ambiental e potenciación do emprego de materiais autóctonos e da implantación de enerxías renovables.

c) Fomento da competitividade empresarial e territorial.

d) Racionalización da oferta de solo empresarial, a través do axeitado desenvolvemento e execución das áreas empresariais.



e) Facilitación do acceso ao solo empresarial por parte das iniciativas empresariais que o demanden.

f) Calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais.

g) Responsabilidade na xestión e conservación das áreas empresariais e fomento da colaboración público-privada neste ámbito.

h) Coordinación, cooperación e colaboración interadministrativas, na procura da coherencia na actuación das administracións públicas e de garantía da participación social. Estes principios observaranse na elaboración, aprobación, execución e seguimento dos instrumentos regulados nesta lei.

i) Fomento da intermodalidade, mobilidade sustentable e accesibilidade.

j) Adopción de medidas especiais para unha transición xusta, como incentivar e fomentar aquelas áreas fortemente afectadas polo declive industrial ou en regresión demográfica.

Artigo 5. *Censo de solo empresarial de Galicia*

1. O Censo de solo empresarial de Galicia é un rexistro público de natureza administrativa dependente da consellaría competente en materia de solo empresarial e xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ten por obxecto coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes en Galicia, coa finalidade de servir de instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial na comunidade autónoma.

2. As persoas promotoras de áreas empresariais deberán inscribir obrigatoriamente no Censo de solo empresarial de Galicia todas as áreas empresariais promovidas por elas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento.

Para estes efectos, enténdese por persoa promotora calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia, con recursos propios ou alleos, o desenvolvemento e as obras de urbanización dunha área empresarial, para si ou para o seu posterior alleamento, entrega ou cesión a outros suxeitos baixo calquera título.

3. O acceso ao Censo de solo empresarial de Galicia é público e realizarase a través dos portais da internet do Instituto Galego da Vivenda e Solo e da sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. Toda a información deste rexistro será accesible de forma libre e gratuíta.

4. Regulamentariamente estableceranse a estrutura, o funcionamento, a documentación necesaria e os prazos para a inscrición no Censo de solo empresarial de Galicia.



TÍTULO II

Planificación e ordenación de áreas empresariais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 6. *Criterios de planificación*

1. As áreas empresariais de interese autonómico serán obxecto dunha planificación sectorial pola Comunidade Autónoma de Galicia, que analizará a demanda de solo para usos produtivos do sector secundario e terciario e establecerá as súas determinacións baixo criterios de sustentabilidade e en congruencia co modelo territorial recollido nas Directrices de ordenación do territorio.

2. As demais actuacións de solo empresarial planificaranse a través dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, de acordo coa normativa vixente nestas materias.

Artigo 7. *Clasificación*

As áreas empresariais reguladas nesta lei clasifícanse da seguinte maneira:

Artículo 83. *Inscripción en el directorio de agentes del Observatorio del Suelo Empresarial de la Xunta de Galicia*

1. Sin perjuicio de la obligación establecida en el artículo 5 de la Ley .../..., de.....de..... de....., de áreas empresariales de Galicia, y a fin de centralizar la información relativa a la oferta de inmuebles empresariales y ofrecer a las empresas y personas emprendedoras un emplazamiento en Galicia para el desarrollo de su actividad, los ayuntamientos emprendedores asumen el compromiso de inscribirse en esa condición en el directorio de agentes disponible de la página web del Observatorio del Suelo Empresarial de la Xunta de Galicia.

Artículo 84. *Consideración de la iniciativa gallega de ayuntamientos emprendedores en la política de fomento de la Administración autonómica y de su sector público*

1. La Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y las entidades del sector público autonómico podrán establecer líneas específicas de fomento para el apoyo de las actuaciones de los ayuntamientos emprendedores dirigidas al cumplimiento de los compromisos que conlleva la adhesión a la iniciativa y la adopción por estos ayuntamientos de actuaciones dirigidas a la implantación y funcionamiento de las iniciativas empresariales en Galicia.

2. En las convocatorias de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva realizadas por la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia o por cualquier entidad del sector público autonómico dirigidas a los ayuntamientos gallegos y destinadas a inversiones y gastos que tengan relación con las finalidades de la iniciativa gallega de ayuntamientos emprendedores se contemplará en las bases de la convocatoria un criterio de valoración específico que en el baremo de puntuación suponga, al menos, el 20 % del total a favor de las actuaciones realizadas por ayuntamientos emprendedores.

A estos efectos, se entenderá que tienen relación con las finalidades de la iniciativa gallega de ayuntamientos emprendedores, entre otras posibles actuaciones, las inversiones y los gastos siguientes:

a) Los dirigidos a favorecer la implantación y el funcionamiento de las iniciativas empresariales en Galicia, entendiéndose por tales aquellos derivados de actuaciones municipales que tengan como finalidad favorecer el desarrollo de actividades económicas mediante la implantación de proyectos, la creación de nuevas empresas, el establecimiento o la ampliación, modificación o diversificación de empresas o de un establecimiento existentes.



b) Los destinados a la recuperación y mejora de los niveles de empleo en Galicia, incluidos los destinados al impulso de los sectores productivos y a la consolidación del empleo de calidad y formación de personas trabajadoras y personas desempleadas.

c) Los dirigidos a articular sistemas de apoyo y acompañamiento administrativo a la implantación de las iniciativas empresariales en el territorio municipal.

d) Los dirigidos a actuaciones de simplificación de los trámites administrativos necesarios para la implantación de las iniciativas empresariales en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia.

e) Los destinados a actuaciones de desarrollo de suelo empresarial y conservación y mejora de las infraestructuras vinculadas al mismo.

La relación con las finalidades de la iniciativa gallega de ayuntamientos emprendedores se justificará en las correspondientes bases reguladoras.

3. Con el objetivo de favorecer la implantación y el desarrollo de iniciativas empresariales en los ayuntamientos emprendedores, y en atención a las mayores garantías de sostenibilidad económica, tramitación ágil, acompañamiento administrativo y reducciones de costes fiscales y de las barreras normativas y administrativas, en las convocatorias de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva realizadas por la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia o por cualquier entidad del sector público autonómico dirigidas a empresas, autónomos o entidades sin ánimo de lucro, destinadas a la implantación y funcionamiento de las iniciativas empresariales en Galicia, cuyos proyectos objeto de la solicitud se pretendan implantar o se desarrollen en el término municipal de los ayuntamientos que cuenten con la condición de ayuntamientos emprendedores, se contemplará en las bases de la convocatoria un criterio de valoración específico que en el baremo de puntuación suponga entre el 5 % y el 10 % del total.

Artículo 85. Pérdida de la condición de ayuntamiento emprendedor

1. La pérdida de la condición de ayuntamiento emprendedor se producirá cuando concurriese alguna de las siguientes causas:

a) Renuncia expresa del ayuntamiento, formalizada por acuerdo o resolución del órgano competente.

b) Transcurso del plazo determinado por el ayuntamiento en el acuerdo o resolución en el que haya declarado su intención de adherirse a la iniciativa.

c) Constatación del incumplimiento por el ayuntamiento de alguna de las medidas previstas en los artículos 80 y 81.

2. La declaración de la pérdida de la condición de ayuntamiento emprendedor se realizará por el consejero competente en materia de economía, previo análisis por el mismo de la documentación o de los hechos acreditativos de la concurrencia de alguna de las causas enunciadas en el número anterior.»



Disposición final terceira. *Modificación del Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de política industrial*

Uno. Se modifica el artículo 78 del Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de política industrial, quedando redactado como sigue:

«Artículo 78. *Delimitación*

Podrán ser declarados proyectos industriales estratégicos, con excepción de los proyectos regulados en la Ley 8/2009, de 22 de diciembre, por la que se regula el aprovechamiento eólico en Galicia y se crean el canon eólico y el Fondo de Compensación Ambiental, aquellas iniciativas empresariales que se estime que tienen tal carácter por su función en el desarrollo, implantación o ejecución de la política industrial autonómica y su incidencia económica o social, siempre que cumplan, al menos, dos de los siguientes requisitos:

- a) Que supongan un volumen de inversión mínima de veinte millones de euros.
- b) Que supongan una creación de empleo mínimo de cien puestos de trabajo directos, bajo la modalidad de contrato indefinido y computados a jornada completa.
- c) Que complementen cadenas de valor o que pertenezcan a sectores considerados estratégicos y estén alineados con los objetivos de la Unión Europea o que se integren en la financiación «instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU.»

Dos. Se modifica el artículo 79 del Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de política industrial, quedando redactado como sigue:

«Artículo 79. *Procedimiento de declaración*

1. El procedimiento para la declaración de una iniciativa empresarial como proyecto industrial estratégico se iniciará mediante solicitud de la empresa interesada dirigida a la consejería competente en materia de industria, acompañando la siguiente documentación:

a) El proyecto de implantación o de ampliación de la instalación industrial, incluyendo la reglamentación detallada del uso pormenorizado, volumen, características técnicas y funcionales y condiciones de diseño y adaptación al ambiente.

b) Una memoria en la que se justifique:

1º. La forma en que la propuesta, si fuese realizada, dará lugar a una expansión significativa del tejido industrial gallego o a la consolidación del mismo.

2º. La viabilidad económico-financiera de la actuación.



c) La delimitación del ámbito territorial afectado y el análisis de la relación del contenido del proyecto con el planeamiento urbanístico vigente, con las Directrices de ordenación del territorio, mediante el correspondiente análisis de compatibilidad estratégica, y con otros instrumentos de ordenación del territorio vigentes en el ámbito objeto de la actuación.

d) La documentación gráfica a una escala adecuada para la correcta lectura y difusión de su contenido.

e) La descripción de las posibles afecciones ambientales del proyecto.

2. La consejería someterá la solicitud presentada con la documentación que la acompaña a informe de la consejería competente en materia de ordenación del territorio sobre la coherencia entre la actuación proyectada y las previsiones contenidas en los instrumentos de ordenación del territorio vigentes en el ámbito.

Asimismo, la consejería remitirá la solicitud presentada con la documentación que la acompaña al ayuntamiento o ayuntamientos en que se pretenda desarrollar el proyecto, para que en el plazo de quince días emita informe sobre su conformidad o disconformidad con el planeamiento urbanístico en vigor.

Igualmente, podrá recabar de las consejerías y entidades del sector público autonómico competentes todos los informes que estime convenientes o necesarios para motivar su propuesta sobre el carácter estratégico del proyecto industrial.

3. Vistos los informes previstos en el número anterior, y siempre que se cumplan, al menos, dos de los tres requisitos establecidos en el artículo 78, la persona titular de la consejería, si se estima que concurre el carácter estratégico del proyecto industrial, podrá elevar una propuesta al Consello de la Xunta de Galicia para su declaración como proyecto industrial estratégico.

En caso de que la consejería estimase que no se cumplen los requisitos a los que se alude en el párrafo anterior, o considerase que el proyecto no tiene carácter estratégico, procederá a dictar resolución por la que desestime la solicitud.

4. La declaración como proyecto industrial estratégico produce los siguientes efectos:

a) La aplicación de oficio de la tramitación conjunta prevista en el artículo 27 de la Ley 9/2021, de 25 de febrero, de simplificación administrativa y de apoyo a la reactivación económica de Galicia, y el carácter prioritario de la tramitación por parte de la Administración general de la Comunidad Autónoma y las entidades instrumentales del sector público autonómico de Galicia de los procedimientos administrativos necesarios para la aprobación del proyecto y sus infraestructuras necesarias.

b) La justificación de la concurrencia de razones de interés público a los efectos de la tramitación de urgencia de los respectivos procedimientos necesarios para la aprobación del proyecto, que supondrá la reducción a la mitad de los plazos establecidos para el procedimiento ordinario, salvo los relativos a la presentación de solicitudes y recursos y aquellos tasados por normativa estatal básica que no puedan ser objeto de reducción.



c) La declaración de interés autonómico y la declaración de prevalencia sobre el planeamiento urbanístico vigente.

d) La no sujeción a los títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal.

e) La posibilidad de adjudicación directa de suelo empresarial promovido por el Instituto Gallego de la Vivienda y Suelo o por empresas públicas participadas por el mismo que tengan entre sus objetos la creación de suelo empresarial, en las condiciones establecidas por la normativa sectorial.

f) La posible concesión de subvenciones sin concurrencia competitiva, de acuerdo con lo dispuesto en la legislación de subvenciones.»

Tres. Se modifica el artículo 80 del Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de política industrial, quedando redactado como sigue:

«Artículo 80. *Procedimiento de aprobación del proyecto*

1. Previa declaración por el Consello de la Xunta del proyecto industrial estratégico, la consejería competente en razón de la materia requerirá a la empresa interesada la presentación de toda la documentación exigida por la normativa aplicable, en virtud de las exigencias legales derivadas de la instalación y de las infraestructuras proyectadas, y, en particular, a efectos de lo previsto en el artículo 27 de la Ley 9/2021, de 8 de enero:

a) En caso de que existiesen modificaciones sobre el proyecto de implantación o de ampliación de la instalación industrial tenido en cuenta para la declaración, se presentará el proyecto que las incluya. Estas modificaciones no serán sustanciales, en el sentido de que no podrán afectar a las razones que determinaron su declaración como proyecto industrial estratégico.

b) La documentación que acredite el cumplimiento de los requisitos establecidos en la normativa reguladora de los actos de control integrados en el procedimiento, en su caso.

c) La memoria descriptiva detallada de las características técnicas de las infraestructuras, dotaciones o instalaciones objeto del proyecto.

d) Las medidas necesarias y suficientes para garantizar la adecuada conexión del ámbito con los sistemas generales exteriores existentes y, en su caso, la ampliación o refuerzo de dichos sistemas, resolviendo los enlaces con las carreteras o vías actuales y con las redes de servicios de abastecimiento de agua y saneamiento, suministro de energía eléctrica, telecomunicaciones, gas y otros.

e) Si resultara preciso, el documento ambiental necesario para la evaluación ambiental del proyecto, según lo establecido en la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, o norma básica estatal que la sustituya.

f) La relación detallada de los bienes y derechos afectados, describiéndolos en la forma que determina el artículo 17 de la Ley de 16 de diciembre de 1954 sobre expropiación forzosa, en caso de solicitarse la declaración de utilidad pública o interés social, en concreto, de la instalación.



3. El órgano responsable de la tramitación, recibida la documentación completa exigida en el apartado 2, someterá a información pública por plazo de treinta días hábiles el proyecto de ejecución y, simultáneamente, el estudio de impacto ambiental en caso de evaluación ambiental ordinaria, mediante su publicación en el *Diario Oficial de Galicia* y, en su caso, en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.

En caso de solicitarse la declaración de utilidad pública o interés social, se realizará de forma simultánea el trámite de información pública mediante la publicación en uno de los periódicos de mayor circulación de cada una de las provincias afectadas.

4. Simultáneamente al trámite de información pública, el órgano responsable de la tramitación efectuará la petición de todos los informes a las administraciones y órganos sectoriales afectados, tanto los exigidos por la normativa reguladora de la autorización sectorial como los exigidos a los efectos de la tramitación ambiental.

En particular, en caso de que fuera preceptivo, de acuerdo con lo establecido en la normativa de prevención y control integrados de la contaminación, el informe urbanístico del ayuntamiento o ayuntamientos afectados, este informe tendrá en cuenta la declaración de prevalencia sobre el planeamiento urbanístico vigente establecida en la letra c) del artículo 79.4.

Especialmente, cuando el proyecto afectase a terrenos que, de conformidad con la legislación urbanística, hayan de ser clasificados como suelo rústico de especial protección, se exigirá el informe favorable del organismo que tenga la competencia sectorial en razón del valor objeto de protección.

5. La persona titular de la consejería competente en razón de la materia, previo informe de la Junta Consultiva en Materia de Ordenación del Territorio y Urbanismo, elevará el expediente al Consejo de la Xunta, que decidirá si procede la aprobación del proyecto industrial estratégico.»

Cuatro. Se modifica el artículo 81 del Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de política industrial, quedando redactado como sigue:

«Artículo 81. *Efectos de la aprobación de los proyectos industriales estratégicos*

1. La aprobación de los proyectos industriales estratégicos produce los siguientes efectos:

a) La declaración de utilidad pública o de interés social, en concreto, del proyecto industrial estratégico y de sus infraestructuras asociadas, a los efectos expropiatorios, y la prevalencia sobre otras utilidades públicas, así como la necesidad y la urgencia de la ocupación de los bienes y derechos afectados y el reconocimiento al sujeto promotor del proyecto de la condición de beneficiario de la expropiación.

b) La imposición o la ampliación de servidumbre de paso para las vías de acceso, las líneas de transporte y distribución de energía y las canalizaciones de líquidos o gases, en su caso, de conformidad con la normativa que las regule.



2. Las determinaciones contenidas en los proyectos industriales estratégicos tendrán fuerza vinculante para las administraciones públicas y los particulares y prevalecerán sobre las determinaciones del planeamiento urbanístico vigente.»

Disposición final cuarta. *Modificación de la Ley 5/2017, de 19 de octubre, de fomento de la implantación de iniciativas empresariales de Galicia*

Se modifica el apartado 2 del artículo 42 de la Ley 5/2017, de 19 de octubre, de fomento de la implantación de iniciativas empresariales de Galicia, añadiendo *in fine* un segundo párrafo, quedando redactado como sigue:

«Asimismo, podrán considerarse iniciativas empresariales prioritarias los proyectos regulados en la Ley 8/2009, de 22 de diciembre, que cuenten con permiso de acceso y conexión firme y vigente e infraestructuras de evacuación en tramitación o ya autorizadas cuyos promotores suscriban un acuerdo directo de compraventa de energía a largo plazo y a precio competitivo con una empresa con centro de trabajo con actividad industrial en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia, vinculado a dichos proyectos y al centro de trabajo determinado de que se trate, y garantizando al menos el 50 % de su producción de energía.»

Disposición final quinta. *Modelo de estatutos para las entidades de conservación, gestión y modernización*

La consejería competente en materia de suelo empresarial aprobará, en el plazo máximo de doce meses desde la entrada en vigor de la presente ley, unos estatutos modelo para las entidades de conservación, gestión y modernización y prestará a sus órganos de gobierno, como también a las comisiones promotoras y a las personas titulares de los bienes inmuebles ubicados en el área industrial delimitada, la asistencia y el apoyo necesarios para desarrollar estas fórmulas de participación.

Disposición final sexta. *Actualización de los importes de las sanciones*

Mediante un decreto aprobado por el Consello de la Xunta de Galicia, podrá procederse a la actualización de los importes de las sanciones contempladas en el artículo 94, que se realizará de conformidad con la normativa básica estatal en materia de desindexación.

Disposición final séptima. *Desarrollo reglamentario*

Se autoriza al Consello de la Xunta de Galicia a dictar cuantas normas sean precisas para el desarrollo de la presente ley.

Disposición final octava. *Entrada en vigor*

La presente ley entrará en vigor a los veinte días naturales de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de septiembre de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



O Pleno do Parlamento, na sesión do 4 de outubro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 34474 (11/PPL-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei da regulación do xogo en Galicia

BOPG nº 318, do 12.05.2022

Sometida a votación, obtense o resultado de 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 42077 (11/MOC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40146, publicada no BOPG núm. 379, do 14 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

BOPG nº 389, do 03.10.2022

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 2,5 e 9: aprobados pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Puntos restantes: rexeitados por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a xestión dos incendios nos espazos naturais protexidos de Galicia, a través das seguintes medidas:

1. Incrementar os labores de prevención de incendios neses espazos, sempre de forma respectuosa cos seus valores ambientais.

2. Establecer mapas de riscos e protocolos de actuación específicos para o caso de incendio neses espazos.



3. Avaliar o custo de implantar pagos por servizos ecosistémicos nos espazos naturais protexidos de Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 42036 (11/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre o servizo de transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40049, publicada no BOPG núm. 383, do 22 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

BOPG nº 389, do 03.10.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 42037 (11/MOC-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40462, publicada no BOPG núm. 383, do 22 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

BOPG nº 389, do 03.10.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3. 6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 36257 (11/PNP-003237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a solicitude que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dun PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma

BOPG nº 334, do 22.06.2022

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, 14 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España un PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma.

En particular:

1. Destinar os 7.700 millóns de euros adicionais de fondos europeos que recibirá pola evolución do crecemento da economía nos últimos dous anos a articular novos PERTE en áreas como a bioeconomía, o forestal, o téxtil e a cultura, en liña coa Estratexia para a transformación de Galicia remitida en maio de 2021, e que permitirían apoiar proxectos industriais e empresariais de enorme impacto no territorio.

2. Xestionar desde as comunidades autónomas estes PERTE co ánimo de colaborar para evitar que se deixen sen executar uns fondos que son imprescindibles para os nosos sectores económicos, sempre que o seu deseño se axuste realmente ás propostas do tecido produtivo e se faga nun prazo razoable.»

- 41603 (11/PNP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución
BOPG nº 386, do 27.09.2022

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 2 e 4: rexeitados por 30 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos restantes: aprobados pola unanimidade dos 67 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio á tramitación da Proposición de lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para prohibir o proxenetismo en todas as súas formas.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

2.1. Realizar un estudo para actualizar a información sobre a prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia.

2.2. Facer público e comezar de inmediato co desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

2.3. Impulsar, no ámbito das súas competencias, políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e a abolición da prostitución.



3. Dirixirse ao Goberno de España para:

3.1. Facer público o I Plan Camino aprobado o pasado 20 de setembro en Consello de Ministros.

3.2. Dar cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que establece o impulso e aprobación dunha Lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

3.3. Impulsar as modificacións legais necesarias para:

3.3.1. Introducir un enfoque de dereitos humanos que persiga o proxeneta e cliente mais que tamén garanta as condicións materiais que permitan ás mulleres en contexto de prostitución deixala, incluídas as persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa. Para tal fin, as autoridades públicas competentes deberán artellar os mecanismos necesarios para garantir a cobertura das súas necesidades persoais básicas (ingresos mínimos, vivenda, emprego, regularización administrativa, formación...)

3.3.2. Perseguir, intensa e efectivamente, a explotación sexual, con coordinación eficaz dos distintos organismos, corpos e entidades (Policía, Garda Civil, Xulgados, Fiscalía, Inspección de traballo, ONG, etc.), complementada coa dotación dun servizo de asesoramento e atención inmediata ás mulleres en situación de prostitución formado por traballadora social, educadora social e psicóloga.

3.3.3. Dotar orzamentariamente, de maneira suficiente e plurianual, para garantir o debido cumprimento e desenvolvemento da lei, incluíndo fondos concretos para as administracións autonómicas en tanto que principais competentes en materia de igualdade e dereitos sociais.»

- 41720 (11/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia

BOPG nº 386, do 27.09.2022

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 37 votos a favor, 30 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que incorpore, na súa axenda lexislativa e no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da UE de 2023, os seguintes elementos de especial interese para Galicia, e a dirixirse nos mesmos termos ás Cortes Xerais, no marco do relatorio constituído o pasado 20 de setembro na Comisión Mixta para a Unión Europea, para participar na preparación da presidencia española do Consello da Unión Europea durante o segundo semestre de 2023:



1. Fondos europeos. Asegurar unha xestión e execución eficaces dos fondos Next Generation EU, de xeito que cheguen ao tecido produtivo galego, especialmente as pemes.

a) Reorientar o deseño e a xestión dos fondos europeos de recuperación Next Generation EU, como xa se propuxo recentemente no Plan Económico que o presidente do PP remitiu ao Goberno.

b) Confirmar a inclusión nos PERTE correspondentes, ou calquera outra fórmula de apoio efectivo aos proxectos estratéxicos que Galicia ten trasladado ao Goberno central en diversas ocasións, dado o seu potencial transformador e o seu elevado impacto no emprego e ao seu aliñamento coas principais temáticas do Next Generation EU.

c) En particular, acadar a participación no PERTE do Vehículo Eléctrico e Conectado, ou de calquera outra fórmula de axuda, do alto potencial de Galicia na industria automobilística e do seu principal produtor, Stellantis, que lidera desde o centro de Balaídos en Vigo a fabricación de vehículos en España.

2. Pesca. Reorientar as normas europeas para asegurar a sustentabilidade social, económica e medioambiental da cadea mar-industria galega.

a) Promover unha reforma da Política Pesqueira Común (PPC), en liña co ditame aprobado recentemente polo Consello Galego da Pesca, para adaptar a PPC ás necesidades das comunidades costeiras europeas e aos novos retos globais, en concordancia das normas con ela conexas, como é o Regulamento de control que se está a debater para a súa modificación.

b) Garantir a seguridade xurídica na planificación territorial da cadea mar-industria, en aplicación da Directiva de Ordenación do Espazo Marítimo, a Carta de Dereitos Fundamentais da UE e as Orientacións da Comisión Europea e o Consello en materia de acuicultura.

c) Cumprir na UE cos principios do Manifesto en defensa da pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria europeas, suscrito o pasado 5 de xullo pola Xunta de Galicia e as entidades máis importantes da industria pesqueira galega rexeitando que a Comisión Europea avance de maneira unilateral na prohibición da pesca de fondo en augas europeas.

3. Medio Rural. Adaptar as normas europeas sobre agricultura, gandaría e montes á realidade de Galicia.

a) Asegurar que a Política Agraria Común e o Plan Estratéxico Nacional inclúan e respecten as particularidades do medio rural galego.

b) Que a UE estableza criterios homoxéneos a nivel supranacional para compatibilizar de xeito adecuado a conservación do lobo coa actividade agrogandeira no medio rural e co mantemento da biodiversidade.

c) Acadar o apoio da Comisión Europea e financiación para o futuro Centro Integral de Loita contra o Lume na localidade ourensá de Toén, que se converterá nun auténtico campus forestal de ámbito internacional e será unha referencia en materia formativa para bombeiros de toda Europa.



4. Cultura. Promover o fenómeno xacobeo na Unión Europea como parte da Nova Axenda Europea para a Cultura e a Estratexia da UE para as Relacións Culturais Internacionais:

a) Impulsar a sinalización dos Camiños de Santiago e outras rutas culturais de maneira homoxénea en toda a UE, co obxectivo de incrementar a súa visibilidade e a súa presenza.

b) Que o logo da presidencia española da UE sexa alusivo aos Camiños de Santiago, que son tamén Camiños de Europa.

c) Que o *flagship cultural project* («proxecto cultural destacado») da presidencia española estea relacionado cos Camiños de Santiago.

d) Que se instale en Santiago de Compostela unha Casa Europa do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, seguindo a senda da Casa América en Madrid, a Casa Asia en Barcelona e a Casa África en Canarias.

5. Enerxía. Apostar por un modelo de transición enerxética ordenada, garantista, sustentable e respectuoso co medio ambiente, que permita chegar a familias, pemes e industria un prezo competitivo.

a) Que o Goberno probe un marco regulatorio competitivo e, en particular, acelere a aprobación e desenvolvemento do PERTE de descarbonización orientado á industria intensiva en enerxía, de xeito que se poida beneficiar dos fondos Next Generation EU; que oferte a enerxía do RECORE (renovables, coxeneración e residuos) a un prezo regulado; que exonere o 80% das peaxes da enerxía e que active o servizo substitutivo das poxas de interrumpibilidade.

b) Que se alcance un acordo coa UE para a concesión de axudas estatais e mecanismos de compensación para evitar o peche e a deslocalización de empresas.

c) Cimentar Galicia como *hub* gasístico en Europa coa reconversión nun *hub* de hidróxeno a medio prazo. Garantir o financiamento europeo para as interconexións enerxéticas.

6. Transportes. Aproveitar ao máximo os fondos europeos dispoñibles para impulsar as sinerxías entre Galicia e Portugal co fin de poder reforzar a competitividade.

a) Completar o antes posible a conexión ferroviaria de Galicia co Norte de Portugal.

b) Que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana impulse canto antes a saída sur de Vigo, que aínda segue en estudo de alternativas e sen planificación orzamentaria para a súa execución.

7. Demografía e despoboamento. Integrar a demografía e o despoboamento nos distintos programas de financiamento da Unión Europea.

a) Dar continuidade aos traballos desenvolvidos pola Vicepresidenta da Comisión Europea para Democracia e Demografía, a popular croata Dubravka Šuica (Libro Verde sobre Envellecemento, Atlas da Demografía, Informe sobre o Impacto do Cambio Demográfico na Unión).



b) Converter o despoboamento rural nunha emerxencia de ámbito europeo, en liña coas propostas da Visión a longo prazo para as zonas rurais da Comisión Europea, e incorporar beneficios automáticos na concesión de fondos europeos para as rexións despoboadas.

c) Que se adopte o antes posible o novo Acordo de Asociación do FEDER, incorporando o plan de acción en materia de demografía ao que fai referencia o considerando 43 do Regulamento do FEDER.

d) En cumprimento do Regulamento 2021/1060, de Disposicións Comúns aos fondos europeos, que tanto os Acordos de Asociación coma os Programas Operativos que conclúa o Goberno incorporen un enfoque integrado para abordar os retos demográficos.

8. Política exterior. Reforzar a protección consular dos europeos en terceiros países.

a) Que as Delegacións da UE exerzan unha maior presión política ante os Gobernos estranxeiros en casos de emerxencia consular, coma por exemplo, no caso do terrible asasinato no coruñés Diego Bello en Filipinas, o trágico afundimento do *Villa de Pitaxo* en Terranova ou o recente sinistro do Albacora Cuatro en Seychelles.

9. Relacións con América.

a) Impulsar a firma e ratificación dos novos acordos comerciais entre a UE e Iberomérica (Mercosur, México e Chile), que beneficiarían especialmente ás pemes galegas.

b) Estudar un programa de intercambio académico entre universidades europeas, latinoamericanas e estadounidenses («Erasmus transatlántico»).

c) Reforzar o compromiso coas liberdades nas ditaduras iberoamericanas de Venezuela, Cuba e Nicaragua, esixindo unha posición europea máis clara en apoio da causa democrática.

10. Defensa. Velar por que a renovada importancia da política europea de defensa beneficie a Galicia.

a) Reforzar o papel da Unión como provedor de seguridade marítima internacional.

b) Insistir na necesidade de que os Estados membros marítimos reforcen as súas capacidades navais militares.

c) Que, entre os proxectos aprobados pola UE no marco da chamada “cooperación estruturada permanente no eido da defensa” (PESCO), e entre eles o desenvolvemento dun proxecto de patrulleiro europeo oceánico, inclúan, cando menos, un buque de acción marítima (BAM) no estaleiros de Navantia da ría de Ferrol.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 36955 (11/PNP-003309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento

BOPG nº 350, do 26.07.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 66 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Regular unha prestación que cubra os gastos de aloxamento e dietas das persoas con enfermidades raras, pendentes de diagnóstico ou confirmación do mesmo, cando son derivadas a través do procedemento regulamentario establecido a outras comunidades autónomas, e deste xeito sexa efectivo o dereito a esa asistencia sanitaria.

2º. Actualizar os criterios e importes recolleitos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro.»

Rexeitamento da iniciativa

- 37488 (11/PNP-003336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga

BOPG nº 353, do 01.08.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

- 32630 (11/PNP-003381)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular de rehabilitación dos dereitos do persoal do Servizo Galego de Saúde suspendidos pola Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos de Galicia, para o exercicio 2010

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

- 40963 (11/PNP-003471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso

BOPG nº 382, do 21.09.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 6 de outubro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 39852 (11/PNC-003523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central para facilitar a obtención de certificados de titularidade das contas, saldos e posicións bancarias dunha persoa falecida, coas cautelas que exixa a lexislación vixente; en especial, en materia de protección de datos

BOPG nº 375, do 07.09.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que estude a posibilidade de habilitar un rexistro centralizado onde poder obter o certificado de titularidade das contas, saldos e posicións bancarias dunha persoa falecida, coas cautelas que exixa a lexislación vixente, en especial en materia de protección de datos.»

- 39890 (11/PNC-003531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a colaboración e cooperación que debe manter a Xunta de Galicia coas asociacións que tratan os problemas de adicción ao xogo apoiando a realización de actividades e campañas informativas

BOPG nº 375, do 07.09.2022



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter unha estreita colaboración e cooperación coas asociacións que tratan os problemas de adicción ao xogo apoiando a realización de actividades e campañas informativas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 41087 (11/PNC-003596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do dereito das deputadas e dos deputados a obter información e documentación da Xunta de Galicia

BOPG nº 382, do 21.09.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 41268 (11/PNC-003618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia da Estratexia atlántica galega en relación con Portugal

BOPG nº 382, do 21.09.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Valedor do Pobo

Resolución do 26 de setembro de 2022, da valedora do pobo, para a tramitación dos expedientes de contratación polo procedemento simplificado con tramitación abreviada, sen constitución de mesa de contratación

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, estableceu no seu artigo 159.6 o procedemento de contratación aberto simplificado con tramitación abreviada.



Este procedemento, para contratos con valor estimado non superior a 60.000 € para subministracións e servizos, excepto os que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, e non superior a 80.000 € para obras, simplifica moito a tramitación dos expedientes. Nestes expedientes, nos que as ofertas se presentan na plataforma electrónica de licitación, exímese os licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, e nos que non se require a constitución de garantía definitiva, ao valorarse as ofertas con criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, permiten a adxudicación dos contratos en breves períodos de tempo.

A utilización deste procedemento permite contratar as prestacións para satisfacer a maior parte das necesidades de subministracións, servizos e pequenas obras de mantemento e reparación da institución que requiren un certo grao de inmediatez, por seren imprescindibles para as actividades e o funcionamento diario de equipamentos e instalacións.

Así mesmo, a utilización deste procedemento permite a menor utilización da figura dos contratos menores, e a obtención dunha mellor relación calidade-prezo das obras, servizos e subministracións contratadas, ao tramitarse por procedementos abertos e con todas as garantías de transparencia. O artigo 326.1 da Lei 19/2017, que regula as mesas de contratación, establece que nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada será potestativa a constitución da mesa de contratación, que podería substituírse polos servizos dependentes do órgano de contratación. Esta substitución daríalle máis axilidade á tramitación, sen prexuízo dos controis xurídicos e de intervención, que continuarán supervisando o inicio do expediente, a aprobación dos pregos correspondentes e a adxudicación dos contratos.

De acordo co anterior e de conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo,

RESOLVO:

Que nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada previstos na normativa de contratos a mesa de contratación sexa substituída polo Servizo II da institución, que ten atribuída a competencia para a tramitación dos procedementos administrativos de contratación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

